

CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 200/143

**Asunto: Estado de Execución do Estado de Gastos e Ingresos do orzamento correspondente ao TERCEIRO Trimestre do 2021, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.**

**Normativa**

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2021.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2021, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao TERCEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de SEPTEMBRO de 2021.

**Estados consolidados**

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 18/10/2021 13:06

Páxina 1 de 3

Expediente 200/143

CSV: 268CAE-272FAF-5H5484-BVXG6F-CW7HED-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 200/143

Xúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2021, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

Achégase as anulacións e cancelacións de dereitos de corrente e pechados, así como as devolucións de ingresos.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Achégase o estado de Remanente de tesourería consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Incorpórase o estado de Tesourería da Entidade e o do Organismo Autónomo e o consolidado.

As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.

Resultado orzamentario consolidado.

**Outra información:**

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.

En Vigo á data da sinatura electrónica

A Dirección Superior Contable e Orzamentaria



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 18/10/2021 13:06

Páxina 2 de 3

Expediente 200/143

CSV: 268CAE-272FAF-5H5484-BVXG6F-CW7HED-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 200/143

**DILIXENCIA.** Vista a remisión de información que precede, dispoño que se proceda a súa presentación no vindeiro Pleno da Corporación Local do Concello de Vigo que se celebre.

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA

Asdo. Jaime Aneiros Pereira (delegación de 19-26/06/2019, texto consolidado do 04/09/2020)

(documento asinado electronicamente)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/10/2021 13:06

Páxina 3 de 3

Expediente 200/143

CSV: 268CAE-272FAF-5H5484-BVXG6F-CW7HED-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>